



BASES DA ESCOLA DE VERAN 2015 DO CONCELLO DE O PINO

1. A Escola de Verán é unha proposta do Concello de O Pino que pretende ocupar o tempo de lecer dos nosos cativos e permitir ás familias compaxinar a vida familiar e laboral.
2. A Escola de Verán está dirixida a nenos e nenas con idades comprendidas entre 3 e 12 anos (ambos incluídos).
3. O servizo desenvolverase nos meses de xullo, agosto e setembro no Centro **CPI Camiño de Santiago** ubicado na localidade de Arca-Pedrouzo e nos arredores do mesmo.
4. Poderán utilizar este servizo os nenos e nenas empadroados ou non no Concello de O Pino.
 - As nenas e nenos empadroados no Concello de O Pino terán unha subvención do 50% do custo da actividade (xa incluída no prezo).
 - As familias numerosas terán a maiores un desconto dun 20% a partires do 2º fillo.

5. **O HORARIO DO SERVIZO** será de **09:00 horas a 14:00 horas**:

Iniciase o programa, distribuindo o tempo en xogos deportivos, obradoiros, actividades deportivas, animación á lectura, reforzo escolar, contacontos ... Desenvolverase en diferentes recintos (CPI Camiño de Santiago, Casa da Cultura, piscina, parque infantil, roteiros...).

As nenas e nenos terán que **ser recollidos** entre as 13:30 a as 14:00 horas.

6. As **QUENDAS** quedan distribuídas do seguinte xeito (**DE LUNS A VENRES**)

- Do 1 de xullo ao 15 de xullo de 2015
- Do 16 ao 31 de xullo do 2015
- Do 3 ao 14 de agosto do 2015
- Do 17 ao 31 de agosto do 2015
- Do 1 ao 10 de setembro do 2015

7. O **NUMERO DE PRAZAS** que se oferta é de 50 participantes por quenda. No caso de haber máis solicitudes que prazas poderase ampliar esta cifra. Para que o servizo se leve a cabo deberá haber un número mínimo de solicitudes por quenda.

8. FORMALIZACION DA SOLICITUDE

A petición de admisión no servizo realizarase cubrindo a ficha de inscrición e aportando a documentación que se require en dita solicitude que poderán recoller nas dependencias do Concello de O Pino sita en Arca – Pedrouzo, tf 981 511 002, en horario de 10:00 a 14:00 horas, onde se lle indicará a forma de pago.

- **O prazo de inscrición para as quendas do mes de xullo** será do 03 ao 26 de xuño do 2015.
- **O prazo de inscrición para as quendas do mes de agosto** será do 13 ao 24 de xullo do 2015.
- **O prazo de inscrición para o mes de setembro** será do 10 ó 25 de agosto do 2015.

ESCOLA DE VERAN – TARIFAS POR QUENDA (15 DIAS)

Poderase participar por quenda ou por días soltos. O custo da actividade por quendas será o seguinte:

ESCOLA DE VERAN – MESES DE XULLO E AGOSTO (de luns a venres)

| HORARIO | ACTIVIDADES | PREZO EMPADROADOS* | PREZO POR DIA EMPADROADOS* |
|-------------------|-------------|--------------------|----------------------------|
| De 9:00 a 14:30 h | Actividades | 20,00 € | 5,00 € |

(* desconto 50% xa incluído.

Aos usuarios NON empadroados NON se lle aplicará este desconto)

ESCOLA DE VERAN – SETEMBRO (de luns a venres)

| HORARIO | ACTIVIDADES | PREZO EMPADROADOS* | PREZO POR DIA EMPADROADOS* |
|-------------------|-------------|--------------------|----------------------------|
| De 9:00 a 14:30 h | Actividades | 20,00 € | 5,00 € |

(* desconto 50% xa incluído.

Aos usuarios NON empadroados NON se lle aplicará este desconto)

* Estes servizos levarasen a cabo se hai un mínimo de dez participantes